

NOTA INFORMATIVA PROCESO SELECCIÓN CRTVG

15-02-2025 FACULTADE DE DEREITO

En relación coa realización da proba tipo test do proceso selectivo, para garantir a orde na súa realización, infórmoos de que:

- ✓ O acceso ao recinto realizarase unicamente pola entrada da Facultade de Dereito que está situada na Avda. Dr. Ángel Jorge Echeverri.
- ✓ Todas as persoas aspirantes deberán presentarse na dita porta ás 9:00 horas, sen acceder ao interior.
- ✓ Unicamente se permitirá a entrada ao interior do recinto ás persoas que na súa condición de aspirantes figuren admitidas e teñan que realizar a proba.
- ✓ A entrada realizarase de xeito organizado, así unha das persoas membros da organización acompañará ás persoas aspirantes, por categoría dende a porta de acceso da facultade á aula correspondente.
- ✓ Lémbrales que as persoas que non se atopen á dita hora na entrada decaerán no seu dereito á realización do exercicio.
- ✓ As persoas aspirantes deberán presentar un documento de identidade válido e levarán bolígrafo azul ou negro.
- ✓ Consonte coa publicación do tribunal non se permitirá a entrada con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, axendas, auriculares ou outros aparellos electrónicos e non se habilitará ningún servizo de recollida.
- ✓ As persoas que rematen o exercicio dentro dos 120 primeiros minutos, non poderán levar consigo o cuestionario de preguntas, que lles será devolto ao remate do tempo da proba.
- ✓ Unha vez as persoas aspirantes abandonen a aula do exame deberán saír das instalacións da facultade.